


PEZA DO MES

outubro

2007



PRATO DE *TERRA SIGILLATA SUDGÁLICA*



PRATO DE *TERRA SIGILLATA SUDGÁLICA*

Prato simple da forma Drag. 18 de Terra Sigillata Sudgállica de parede lixeiramente curvada e aberta, cun resalte no labio máis ou menos marcado. Pé alto de sección triangular, fondo ascendente cara o centro. Cartela rectangular cos lados redondeados, con letras claras e con suficiente relevo, na que se pode ler OF.MVRA. Esta forma deriva indirectamente da forma Ritt. 1, que o seu tempo ten como antecedente a Haltern 4.

A marca MVRA, corresponde a MURRANUS, oleiro que elabora os seus produtos na Graufesenque, na época de Claudio e Vespasiano, moi coñecido en Francia e menos en Alemaña e Inglaterra. A presenza de produtos seus na Península Ibérica é relativamente abundante, estando ben documentado en Ampurias, Tarragona, Elche, Valencia e Lucentum. Este oleiro, da promoción de Primus, Felix e Secundus, elaborou vaixela lisa e decorada, coñecéndose tamén produtos seus en *mar-morata*.

Co nome de Terra Sigilata Sudgállica, coñécese unha vaixela fina de mesa, fabricada en diferentes obradoiros situados no SE de Francia, durante o período tardo augusteo e o principado de Tiberio, partindo da base dos coñecementos técnicos itálicos. Os centros de fabricación coñecidos ata o momento máis importantes son: A Graufesenque e Montans, que xunto con Banassac constitúen os puntos de exportación por antonomasia, aínda que A Graufesenque capitaliza con moito o volume de exportación. A pesar de que as características físicas varían segundo os centros e as épocas, a produción presenta unha grande homoxeneidade tanto en aspectos tipolóxicos como en relación cos motivos e esquemas decorativos.


A creación destes talleres resposta a un sistema de implantación de centros oleiros en puntos nodais concretos, para abastecer de produtos un radio de alto e baixo alcance, principalmente a enclaves como eran as cidades e os campamentos. A tecnoloxía importouse desde centros prexistentes, itálicos, o que levou consigo

unha igualdade de técnicas, tratamentos e manufactura de modelos existentes, aínda que a instauración destes talleres provocou a creación de novas formas tipolóxicas, que xunto con outras características propias permiten individualizar estes alfares como unha subespecie independente da Itálica, do mesmo xeito que sucederá coa produción Hispánica.

A partir dos anos 40/50, aparecen nos mercados hispanos os produtos gállicos, o que non quere dicir que este cambio se leve a cabo dunha forma brusca, nin lineal, no sentido de que en tódolos xacementos despois dos produtos itálicos atópanse os gállicos, e despois os hispánicos. De feito existen bastantes xacementos nos que non se dá este esquema simple, e despois da TSI., e no mesmo estrato, documéntase a hispánica, pero non a gállica, sen que elo signifique un baleiro temporal no xacemento da actividade, senón que obedece a outros factores como as características dos xacementos e dos circuitos comerciais.

O mapa de dispersión da TSG. en Galicia mostra unha concentración nas provincias de Pontevedra e Ourense, cun gran baleiro na costa lucense, Golfo Ártabro e en xeral en toda a actual provincia de A Coruña e Lugo, se exceptuamos a propia capital *Lucus*. Este produto comeza a chegar a Galicia en época de Tiberio, alcanzando a maior expansión en época de Claudio, declinando cos Flavios coa chegada de produtos hispánicos.





DISPERSIÓN DA CERÁMICA TIPO CLUNIA E DA CERÁMICA "MARMORATA" NO NORTE PENINSULAR

1:Santomé; 2:Vía Nova de Famañiçao; 3:Monte Mozinho; 4:Astoga; 5:Santa Coloma de Somaza; 6:Landa; 7:Fuentes Ropel; 8:Vilalazan; 9:La Morterona; 10:Calahorra; 11:Clunia; 12:Tiermas; 13:Numancia; 14:Arcobriga; 15:Caesaraugusta; 16:Ampurias; 17:Tanagona; 18:Vigo; 19:Corporales; 20:Herrera de Paeurga; 21:Julobriga; 22:Malien; 23:Ceiba; 24:Lérida; 25:Can Bosch; 26:Ineda de Mar.

A gran maioría deste material procede dos alfares da Graufesenque, como poñen de manifesto as marcas de oleiros e os motivos e composicións decorativas que caracterizan a este centro. Tamén hai que salientar a presenza en toda a área de produtos de Montans, aínda que en menor cantidade. Pode resultar significativo en canto a proporción, que documentadas en Santomé de 11 oleiros gálicos, 8 sexan da Graufesenque, 1 de Montans, e 2 están representados nos dous centros; Lugo, do que coñecemos 21 marcas, 16 son da Graufesenque e 5 de Montans.

Parece lóxico pensar que estes produtos chegaron a esta zona do NO., desde a Narbonense, seguindo a costa do Mediterráneo, penetrando pola vía fluvial do Ebro e desde o punto que non fose navegable, polas rutas alternativas terrestres. Si ben é verdade que as rutas marítimas do Atlántico foron as responsables da chegada ao NO. hispánico dos primeiros produtos itálicos e do Mediterráneo oriental, non debe de ser menos certo que con motivo da conquista, pacificación e comezo da explotación do territorio astur-galico, nun momento que podemos situar entre finais de Augusto e Tiberio, as rutas interiores fluviais e terrestres, e en concreto a do Val do Ebro, ía xogar un papel importante na dinámica económico-cultural deste territorio. Esta ruta está ben sinalada por un produto tan característico da Graufesenque como é a *marmorata*, ben documentada na zona norte da Península. Por outra banda, a comercialización de produtos de Montans vense pondo en relación coa ruta marítima do Cantábrico; agora ben, dado que cada vez son máis os produtos deste centro que se atopan no litoral mediterráneo e costa atlántica peninsular, non se debe de descartar que entrasen noutros circuitos comerciais.

Na reconstrucción do devenir histórico de moitos períodos da humanidade a cerámica xoga un papel destacado, ao ser un dos produtos da cultura material que, pola súa importancia cualitativa e cuantitativa, mellor ilustra os aspectos característicos e definidores da sociedade que a fabricou e utilizou. O seu estudo, desde unha perspectiva histórica, non só serve como un elemento de datación relativa nos procesos de escavacións, como foi considerada nos primeiros estadios da súa investigación, senón que tamén nos informa de outros aspectos relacionados coa propia estrutura do grupo humano e as súas relacións: organización política, aspectos económico-sociais, crenzas, avances tecnolóxicos, procesos de fabricación, distribución e comercialización, sen esquecer os relativos a cultura da mesa, utensilios e dietas alimenticias, etc., que son o tecido da historia.


No que a cerámica romana se refire, o feito de que o seu estudo estivera historicamente, incluído no programa xeral da Historia do Arte, e o abuso que dela se fixo como fósil cronolóxico director nos xacementos, non facilitou, ata épocas recentes, o desenvolvemento de todo o seu potencial para coñecer ese proceso de aculturación que coñecemos como romanización. Un aspecto que a miúdo se esquece nos estudos cerámicos pese a ser onde, sen lugar a dúbidas, radica a súa razón de ser, é o da súa funcionalidade con todo o que iso significa, intimamente relacionado coa alimentación, cos costumes culinarios, e cos cambios sociais que por medio dela se poidan detectar.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, se facilita a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O solar foi ocupado dende época romana— da que fican algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engádegas e modificacións ate configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa a carón do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na ubicación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Xulio Rodríguez González.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

MUSEO DE OURENSE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE